# I PREMIO PERFECTO FEIJÓO
## da Real Academia de Farmacia de Galicia

A Real Academia de Farmacia de Galicia, convoca o Premio Perfecto Feijóo coa finalidade de recoñecer as iniciativas e actividades científicas, sanitarias ou culturais, que teñan contribuído a salientar a imaxe e a consideración social da farmacia galega.

Poderán concorrer ao premio calquera persoa, colectivo ou institución que desenvolva as súas actividades total ou parcialmente en Galicia. Así mesmo teranse en conta as candidaturas propostas polas entidades que teñen recoñecida a súa condición de colaboradoras da Real Academia de Farmacia de Galicia ou as propostas por 3 Académicos de Número ou de Número Emérito.

O premio consistirá nun Diploma acreditativo e nun distintivo conmemorativo. Poderase outorgar un accésit a unha segunda candidatura, que tamén destaque nalgún dos devanditos eidos.

Non se aceptarán traballos ou iniciativas premiadas previamente por outras institucións.

Na solicitude, faranse constar os datos da/o candidata/o ou da/o representante do colectivo ou institución que opta ao premio e irá acompañada dunha memoria explicativa do traballo ou actividade desenvolvida (máximo 5 páxinas) e dun resumo (máximo 250 palabras) salientando a relevancia da súa contribución científica, sanitaria ou cultural e o seu impacto no recoñecemento e a consideración social do mundo da farmacia. As propostas das entidades colaboradoras ou as presentadas por 3 Académicos deberán ir tamén acompañadas da devandita memoria e resumo. O xurado poderá solicitar a documentación acreditativa complementaria que considere precisa.

A solicitude e documentación remitiranse por correo electrónico á dirección: "secretaría@academiadefarmaciadegalicia.gal".

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o día 31 de decembro de 2020.

O xurado encargado de examinar as propostas estará constituído por cinco membros, dos que tres deberán ser Académicos e dous representantes das

entidades colaboradoras. Se ningunha das candidaturas acadara o nivel requirido, o xurado poderá declaralo deserto.

Unha vez finalizado o proceso de valoración, o resultado comunicaráselles a tódalas candidaturas presentadas. As decisións do xurado son inapelables.

A entrega do premio efectuarase no acto de Apertura do Curso 2021 da Real Academia de Farmacia de Galicia.

As persoas, colectivos ou institucións premiadas non poderán concorrer a posteriores convocatorias deste mesmo premio.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2020

Asdo. Ilmo. Dr. D. Manuel Puga Pereira

Presidente

# I PREMIO PERFECTO FEIJÓO

## De la Real Academia de Farmacia de Galicia

La Real Academia de Farmacia de Galicia, convoca el Premio Perfecto Feijóo con la finalidad de reconecer las iniciativas y actividades científicas, sanitarias o culturales, que hayan contribuído a destacar la imagen y la consideración social de la farmacia gallega.

Podrán concurrir al premio cualquier persona, colectivo o institución que desarrolle sus actividades total o parcialmente en Galicia. Así mismo, se tendrán en cuenta las candidaturas propuestas por las entidades que tienen reconocida su condición de colaboradoras de la Real Academia de Farmacia de Galicia o las propostas por 3 Académicos de Número o de Número Emérito.

El premio consistirá en un Diploma acreditativo y un distintivo conmemorativo. Se podrá otorgar un accésit a una segunda candidatura, que también destaque en alguno de los campos mencionados.

No se aceptarán trabajos o iniciativas premiadas previamente por otras instituciones.

En la solicitud, se harán constar los datos del candidato o candidata o del representante del colectivo o institución que opta al premio e irá acompañada de una memoria explicativa del trabajo o actividad desarrollada (máximo 5 páginas) y de un resumen (máximo 250 palabras) resaltando la relevancia de su contribución científica, sanitaria o cultural y su impacto en el reconocimiento y la consideración social del mundo de la farmacia. Las propuestas de las entidades colaboradoras o las presentadas por 3 Académicos deberán ir también acompañadas de dicha memoria y resumen. El jurado podrá solicitar la documentación acreditativa complementaria que considere precisa.

La solicitud y documentación se remitirá por correo electrónico a la dirección: "secretaría@academiadefarmaciadegalicia.gal".

El plazo de presentación de solicitudes finaliza el día 31 de diciembre de 2020.

El jurado encargado de examinar las propuestas estará constituído por cinco miembros, de los que tres deberán ser Académicos y dos representantes de

las entidades colaboradoras. Si ninguna de las candidaturas alcanzara el nivel requerido, el jurado podrá declararlo desierto.

Una vez finalizado el proceso de valoración, el resultado se comunicará a todas las candidaturas presentadas. Las decisiones del jurado son inapelables.

La entrega del premio se efectuará en el acto de Apertura del Curso 2021 de la Real Academia de Farmacia de Galicia.

Las persoas, colectivos o instituciones premiadas no podrán concurrir a posteriores convocatorias de este mismo premio.

Santiago de Compostela, 30 de noviembre de 2020

Fdo. Ilmo. Dr. D. Manuel Puga Pereira

Presidente